Mantéñense nos cultismos: *acepción*, *adopción*, *corrupción*, *nupcias-nupcial*, *percepción...*; *apnea*, *hipnose-hipnotizar...*; *aptitude*, *corrupto*, *eucalipto*, *interruptor*, *réptil*, *ruptura*, *susceptible*, *tríptico*, *voluptuoso-voluptuosidade...*

Nos semicultismos:

Vocaliza: *adoitar*, *bautismo-bautizar*, *receita-receitar*.

Desaparece: *cativo-cativar-catividade* (**cautivo...*), *ditongo-tritongo...* (**diptongo...*), *sétimo*, *setembro*, *setentrión-setentrional*; *adscrición*, *circunscrición*, *descrición...*, *indescrrible*, *inscrición*, *subscritor*, *transcrición...* (todas as derivadas do latín *scriptus*.)

Parónimos: *retar* (desafiar) / *reptar* (andar arrastrando o corpo)
adoitar (acostumar) / *adoptar* (profillar, tomar como propio)

17. 12. Grupos con s implosivo, post- e pos-:

Mantense nos cultismos: *ascender*, *discernir*, *rescisión*, *suscitar...*

Desaparece nas patrimoniais: *nacer*, *crecer*, *amañecer...*

post- seguida de vogal: *postelectoral*, *postoperatorio...*

pos- ante consoante: *posdata*, *posguerra*, *pospoñer*.

17.13. Grupos de nasais. Só se manteñen nos cultismos:

-mn-: *alumno*, *autumnal*, *calumnia*, *columna*, *damnificar*, *himno*, *indemne*, *indemnizar*, *solemne*, *ximnasia*; *amnesia*, *ómnibus*, *omnipotente*, *omnipresente*, *omnívoros*; *somnábulo*, *somnífero*, *somnolencia* (**sonábulo*, **soñolento...*)

-nn-: *perenne*, *circunnavegar*, *connatural*, *connosco*, *connotar*, *innato*, *innegable*, *innovador...*; *enneasílabo...* . Pero *conivencia-conivente*.

-nm-: *conmover*, *immune...* . Pero *comigo*.

-mm- en latismos e estranxeirismos: *súmmun*, *rímmel*.

III. SUFIXOS E TERMINACIÓNS.

18. -eu: *chapeu, romeu, sandeu* (fem. *sandía*), *xubileu, xudeu* (fem. *xudía*);
-au: *bacallau, pau*.

19. -cio, -cia (-ancia, -encia, -iencia, -uencia) /-zo, -za:

19.1. -cia, -cio, -ancia, -encia, -iencia nas formas cultas:

avaricia...;

silencio, vicio...;

substancia, vixilancia...;

aparencia, comenencia, (in)dependencia, ocorrencia, tendencia...;

ciencia, conveniencia-inconveniencia, experiencia, paciencia, (in)suficiencia...

Galicia e tamén Galiza.

19.2. -zo, -za nas patrimoniais:

andazo, cansazo, espazo (e derivadas), *novizo, servizo-servizal-autoservizo,*

terzo-terzar (pero *terciario*), *xuízo-axuizar-pxuízo.*

prezo e derivadas: *sobrepreso, (des)prezar, desprezo, desprezable, desprezativo, menosprezo;*

pero *aprecio, apreciación, apreciativo, precioso, preciosidade, preciosista.*

-avinza, cobiza (e derivadas), *crenza,*

diferenza-*indiferenza* (pero *diferencial, diferencialismo*)

doenza, estanza (estrofa), *finanza-financeiro* (pero *financiar, financiamento*),

graza-desgraza, grazas (pero *gracioso, graciosamente*),

habenza, licenza (pero *licenciar, licenciado...*),

nacenza-renacenza, perseveranza, pertenza, preguiza (e derivadas),

presenza (pero *presenciar, presencial*), *querenza* (e derivadas), *sentenza* (pero *sentenciar...*),

tenza-mantenza, xustiza (e derivadas).

20. -ción, -sión /-zón:

20.1. -ción, -sión nas cultas: *adición, afección, bendición, elección, lección, nación, perfección,*
recadación, traducción, xeración...; admisión, concesión...

20.2. -zón nas patrimoniais: *beizón, doazón, retorzón, rizón, sazón, traizón* (e derivadas);

razón-*razoar-razoable-razoado-razoamento,*

pero *raciocinio-racional-racionalidade-racionalismo-*
racionalizar-rationamento.

21. -nte forma substantivos e adxectivos derivados de verbos:

21.1. Se o verbo é en **-ar** faino en **-ante:** *camiñante, andante...*

21.2. Se o verbo é en **-er** faino en **-ente:** *valente, crecente...*

21.3. Se o verbo é en **-ir** hai tres posibilidades:

-ente: *maldicente, incidente, transixente, lucente, escribente, influente, vivente, consecuente.*
Casos especiais: *dormente* (de *durmir*), *servente* (de *servir*)

-iente: *conveniente, proveniente, interveniente, saliente, sobresaliente...*

-inte: *concluínte, contribuínte, saínte, seguínte-conseguínte, oínte-ouvinte, (re)constituínte.*

22. -mento. Sempre manteñen a vogal temática do verbo de que derivan: *regulamento* (de *regular*), *esquecemento* (de *esquecer*), *seguimento* (de *seguir*).

23. -e (-e, -se, -te) / -is:

23.1. Non acaban en -s: *interese, tose, valse.*

23.2. Os sufixos gregos acabados en **-is** resólvense en **-e**: *cute, epiderme, glote, metrópole, praxe, psique, sintaxe.*

23.2.1. En **-se** as palabras orixinadas nas gregas en **-sis**, e son sempre femininas:

<i>aluminose</i>	<i>diocese</i>	<i>hidrólise</i>	<i>paréntese</i>
<i>análise</i>	<i>dose</i>	<i>hipnose</i>	<i>perífrase</i>
<i>antítese</i>	<i>eclipse</i>	<i>hipótese</i>	<i>prótese</i>
<i>artrose</i>	<i>elipse</i>	<i>metamorfose</i>	<i>psicose</i>
<i>catequese</i>	<i>énfase</i>	<i>metástese</i>	<i>simbiose</i>
<i>cirrose</i>	<i>esclerose</i>	<i>mitose</i>	<i>síntese</i>
<i>crise</i>	<i>esexese</i>	<i>neurose</i>	<i>tese</i>
<i>diagnose</i>	<i>éxtase</i>	<i>osmose</i>	<i>tuberculose</i>
<i>diérese</i>	<i>fotosíntese</i>	<i>paráfrase</i>	<i>xénese.</i>

Á parte: *oasis, chasis* (masculinas).

23.2.2. En **-ite** e **-te** as que proveñen das gregas en **-tis**, tamén todas femininas: *amigdalite, apendicite, conxuntivite, gastrite, larinxite, otite, peritonite...*

Pero, *diabetes.*

24. -ble, -bel. Provéen do sufixo latino **-bilis** e son válidas ambas solucións: *amable-amábel, variable-variábel...*

Reparade no acento e nos distintos plurais: *amable-amables, amábel-amabeis.*

25. -us, -um (mantendo as formas latinas) / **-o**:

-us: *campus, corpus, humus, omnibus, Venus, virus;*

-um: *álbum, cinefórum, contínuum, desiderátum, médium, presídium, parabéllum, quórum, súmmum.*

-o, adaptándose: *currículo, espírito, ímpeto, memorando, referendo, simposio, tifo, tribo, ultimato.*

26. -iño, -iña / -ino, -ina.

-iño, -iña:

<i>adiviño</i>	<i>mesquiño</i>	<i>viño;</i>	<i>espiña</i>
<i>camiño</i>	<i>niño</i>	<i>adiviña</i>	<i>liña</i>
<i>campesiño</i>	<i>pergamiño</i>	<i>andoriña</i>	<i>madríña</i>
<i>daniño</i>	<i>sanguiño</i>	<i>augamariña</i>	<i>marquesiña</i>
<i>estorniño</i>	<i>setemesiño</i>	<i>cociña</i>	<i>menciña.</i>
<i>liño</i>	<i>sobriño</i>	<i>culleriña</i>	
<i>mariño</i>	<i>veciño</i>	<i>doniña</i>	

-ino, -ina: *asasino, cristalino, destino, divino, peregrino; gasolina, medicina, oficina, rapina...*

27. -e / -en:

-e: perden a nasal tanto patrimoniais coma cultas:

<i>virxe</i>	<i>lume</i>	<i>nume</i>	<i>lique</i>
<i>orde,</i>	<i>costume...;</i>	<i>réxime</i>	<i>pole</i>
<i>imaxe</i>	<i>abdome</i>	<i>vexame</i>	<i>seme....</i>
<i>chantaxe ;</i>	<i>ditame</i>	<i>xerme...;</i>	
<i>crime</i>	<i>exame</i>	<i>glute</i>	

-en: só *lumen* (unidade da física) e *dolmen*.

28. -án, -á / -án, -ana / -ano, ana:

28.1. -án, -á na maioría das formas populares:

<i>aldeán-aldeá</i>	<i>cristián-cristiá</i>	<i>nugallán-nugallá</i>
<i>ancián-anciá</i>	<i>curmán-curmá</i>	<i>san-sa</i>
<i>capitán-capitá</i>	<i>escribán-escribá</i>	<i>tecelán-tecelá</i>
<i>chan-cha</i>	<i>gardían-gardiá</i>	<i>temperán-temperá</i>
<i>cidadán-cidadá</i>	<i>irmán-irmá</i>	<i>vilán-vilá...</i>
<i>cirurxián-cirurxiá</i>	<i>livián-liviá</i>	
<i>cotián-cotiá</i>	<i>musulmán-musulmá</i>	

En moitos xentilicios:

<i>afgán-afgá</i>	<i>arousán-arousá</i>	<i>ferrolán-ferrolá</i>
<i>alemán-alemá</i>	<i>carnotán-carnotá</i>	<i>fisterrán-fisterrá</i>
<i>castelán-castelá</i>	<i>compostelán-compostelá</i>	<i>muradán-muradá....</i>
<i>catalán-catalá;</i>	<i>esteirán-esteirá</i>	

Admítense tamén, á beira das formas anteriores, os localismos propios da fala respectiva:

-mascullinos *burelao, courelao, caldelao, limiao* (fem. sempre -á: *burelá, caldelá...*)

-e os femininos *fisterrán, muradán, esteirán* (coincidentes co masculino)

28.2. -án, -ana en vocábulos con significado **pexorativo**:

<i>brután-brutana</i>	<i>langrán-langrana</i>	<i>pastrán-pastrana</i>
<i>carallán-carallana</i>	<i>lerchán-lerchana</i>	<i>pillabán-pillabana</i>
<i>charlatán-charlatana</i>	<i>pailán-pailana</i>	<i>porcallán-porcallana</i>
<i>folgazán-folgazana</i>	<i>papán-papana</i>	<i>testán-testana</i>
<i>laczazán-laczazana</i>	<i>paspán-paspana</i>	<i>toleirán-toleirana...</i>

28.3. -ano, -ana en palabras cultas:

<i>anglicano</i>	<i>humano</i>	<i>pondaliano</i>	<i>tirano</i>
<i>artesiano</i>	<i>luterano</i>	<i>profano</i>	<i>transmontano</i>
<i>bacteriano</i>	<i>mahometano</i>	<i>provinciano</i>	<i>urbano</i>
<i>decano</i>	<i>meridiano</i>	<i>puritano</i>	<i>veterano</i>
<i>diluviano</i>	<i>metropolitano</i>	<i>republicano</i>	<i>vexetariano.</i>
<i>franciscano</i>	<i>miliciano</i>	<i>rosaliano</i>	
<i>fulano</i>	<i>mundano</i>	<i>semana</i>	
<i>gregoriano</i>	<i>paisano</i>	<i>soberano</i>	

En moitos xentilicios non galegos:

<i>africano</i>	<i>australiano</i>	<i>hispano</i>	<i>peruano</i>
<i>americano</i>	<i>boliviano</i>	<i>italiano</i>	<i>romano</i>
<i>asturiano</i>	<i>cubano</i>	<i>lusitano</i>	<i>valenciano</i>

29. -ón, -oa / -ón, -ona:

29.1. -ón, -oa en xeral: *anfitrión-anfitrioa, campión-campioa, ladrón-ladroa-ladra, león-leoa, patrón-patroa, bretón-bretoa, saxón-saxoa.*

29.2. -ón, -ona: -nos aumentativos: *zapatón, homón...*; *mullerona, casona...*
-nos pexorativos derivados de verbos: *abusón-abusona, acusón-acusona, faltón-faltona...*

30. -on (átono) en palabras cultas: *canon, colon, épsilon, cripton, neon, newton, párkinson, radon....* Tamén *nailon.*

31. -tade, -dade / -edade /-idade /-iedade:

-tade só, e nalgúns casos, en posición posconsonántica: *dificultade, facultade, vontade...*

-dade (-edade, -idade, -iedade):

-en posición tamén posconsonántica: *bondade, herdade,, lealdade, mortaldade, trindade, virxindade; liberdade, puberdade;*

-sempre en posición posvocálica: *enfermidade, novidade, realidade, gravidade, mocidade, soidade;*

-en **-iedade** as derivadas de adxectivos en -io: *notoriedade, solidariedade..., a non ser necidade, sucidade.*

32. -aría / -ería:

-aría ou -ería indistintamente e en xeral, con preferencia para a primeira: *armaría, artillaría, bruxaría, carnizaría, carpintaría, cervexaría...*ou *armería, artillería, carnicería...*

Só **-aría** nas derivadas de substantivos en -ario (*comisario, notario...*): *comisaría, notaría, secretaria...*

Só **-ería** en galicismos modernos: *batería, galantería, galería, mercería.*

33. ACENTUACIÓN. O acento gráfico

1. Levan til (sexan maiúsculas ou minúsculas):

1.1. As palabras **agudas polisilábicas** que rematen en

-vogal: *mañá, tabú, café, aí, dominó*

-vogal + n: *irmán, alguén, algún*

-vogal + s: *mañás, cafés, ventás*

-vogal + ns: *cancións, algúns, violíns.*

Non se acentúan

-cando rematan noutra consoante: *arroz, anel*

-cando son monosilábicas: *xa, fe, si, nu, cru*

-cando rematan en ditongo decrecente: *cantei, falou, ademais, papeis, azuis.*

1.2. As palabras **graves** que rematan en

-consoantes distintas de -n, -s, -ns: *móbil, réptil, carácter, álbum, cáliz, bíceps, clímax.*

-ditongo decrecente: *amábeis, hóquey.*

1.3. Todas as **esdrúxulas**: *lórico, cómodo, mágoa, tépedo.*

1.4. **í, ú en hiato** (cando son tónicas e non forman sílaba coa outra vogal):

<i>aí</i>	<i>proteína</i>	<i>esquí</i>	<i>posúes</i>
<i>aínda</i>	<i>heroína</i>	<i>fío</i>	<i>atribúa</i>
<i>baía</i>	<i>oído</i>	<i>desvarío;</i>	<i>Fiúza</i>
<i>caía</i>	<i>fía</i>	<i>súa</i>	<i>baúl</i>
<i>país</i>	<i>ría</i>	<i>dúas</i>	<i>reúne</i>
<i>raíña</i>	<i>chíes</i>	<i>rúa</i>	<i>inclúe</i>
<i>caída</i>	<i>confíes</i>	<i>túa</i>	<i>dúo</i>
<i>areíña</i>	<i>adobío</i>	<i>posúo</i>	<i>efectúo</i>

1.5. Til **diacrítico**: diferencian palabras homógrafas (coa mesma forma); lévao a tónica fronte á átona e a de timbre aberto fronte a de pechado:

<i>á(s)</i> (contracción, subst.)	<i>a(s)</i> (artigo, pron., prep.)
<i>bésta</i> (arma, peza dun vehículo)	<i>besta</i> (animal)
<i>bóla</i> (esfera)	<i>bola</i> (peza de pan)
<i>chá(s)</i> (plana, lisa)	<i>cha(s)</i> (<i>che + as</i>)
<i>cómpre(n)</i> (ser preciso)	<i>compre(n)</i> (de <i>comprar</i>)
<i>dá(s)</i> (verbo <i>dar</i>)	<i>da(s)</i> (contracción)
<i>dó</i> (compaixón, aflición; nota musical)	<i>do</i> (contracción)
<i>é</i> (verbo <i>ser</i>)	<i>e</i> (conxunción)
<i>fóra</i> (adverbio)	<i>fora</i> (verbos <i>ser, ir</i>)
<i>má(s)</i> (malas, ruíns)	<i>ma(s)</i> (<i>me + as</i>)
<i>máis</i> (adverbio, indefinido)	<i>mais</i> (conxunción: <i>pero</i>)
<i>nó</i> (subst.)	<i>no</i> (<i>en + os</i>)
<i>nós</i> (plural de <i>nó</i> ; pron. tónico)	<i>nos</i> (<i>en + os</i> ; pron. átono)
<i>ó(s)</i> (<i>aos</i>)	<i>o(s)</i> (artigo, pron. átono)
<i>óso</i> (parte do esqueleto)	<i>oso</i> (animal)
<i>pé</i> (parte do corpo)	<i>pe</i> (letra)
<i>póla</i> (de árbore...)	<i>pola</i> (<i>por + a</i> ; galiña nova)
<i>pór</i> (poñer)	<i>por</i> (preposición)
<i>présa</i> (apuro)	<i>presa</i> (subst.)
<i>sé</i> (sede eclesiástica; verbo <i>ser</i>)	<i>se</i> (pron.; conxunción)
<i>só</i> (adverbio, adxectivo)	<i>so</i> (prep.: <i>baixo, baixo de</i>)
<i>té</i> (infusión, planta e folla)	<i>te</i> (pronome, letra)
<i>vén</i> (presente do verbo <i>vir</i>)	<i>ven</i> (v. <i>ver</i> ; imperat. v. <i>vir</i>)
<i>vés</i> (v. <i>vir</i>)	<i>ves</i> (v. <i>ver</i>)
<i>vós</i> (pronome tónico: <i>vosoutros</i>)	<i>vos</i> (pron. átono)

2. Casos especiais:

-os verbos con pronome enclítico (posposto e soldado) compórtanse como se se tratase duna soa palabra, de maneira que seguen as normas anteriores:

*dirá pero dirao; dixera pero dixérao;
meteu, meteuse pero metéusevos.*

-os verbos con acento diacrítico consérvano ao engadírmoslles pronome, sen respectar as normas anteriores:

é, éo ou éles; dá, dáme, dálles; vé, véllo...

-os adverbios en *-mente* prescinden do acento: *fácil* pero *facilmente*, *rápida* pero *rapidamente*; pero *fácil e rapidamente*.

-nas compostas:

-se están soldadas prescinde do acento o primeiro termo:

vichelocrego, decimosétimo.

-se non están soldadas e levan guión compórtanse como palabras independentes: *teórico-práctico, lúdico-festivo, maníaco-depresivo.*

3. Non levan til:

-os demonstrativos, nunca: *este galo, o galo é este; aquel non é...*

-o pronome persoal el: *non foi el.*

-o pronome persoal min: *mandouno para min.*

-os interrogativos e exclamativos, introduzan frases directas ou indirectas:

que queres? canto é? como foi? que marabilla!

canto me gusta!;

dille cando volves, pregúntalle cal quere.

Só o podemos usar nas indirectas para evitar ambigüidade:

dille qué queres (interrog.: que queres?)

pero dille que queres (dille que si)

-si, sexa adverbio de afirmación (*vé? vou, si*) ou pronome reflexivo: *compouno para si.*

4. Casos frecuentes de acentuación incorrecta:

1. Por dialectalismo (caso da nosa área lingüística):

As p4 e p5 de copretérito, antepretérito e pospretérito de indicativo (imperfecto, pluscuamperfecto e condicional) non levan til:

**andábamos, *andábades; *andáramos, *andárades; *andariamos...*

andabamos, andabades; andaramos, andarades; andariamos...

2. En cultismos (xeralmente por castelanismo):

2.1. Como norma, comparten a acentuación os que teñen a mesma terminación:

se é *neon*, será *cripton, radon...*;

se é *énclise* será *próclise*;

se *auréola* tamén *rubéola*;
 se *petróglifo*, *xeróglifo*;
 se *amoníaco*, *cardíaco*, *maníaco*;
 se *aerólito*, *electrólito*, *megálito*, *monólito*...;
 se *atmosfera*, *estratosfera*...;
 se *apoplexía*, *hemiplexía*, *paraplexía*, *tetraplexía*...:

2.2. Levan til (a acentuación non coincide coa do castelán):

<i>áloe</i>	<i>cóengo</i>	<i>olimpíada</i>
<i>amálgama</i>	<i>eléctrodo</i>	<i>período</i>
<i>amoníaco</i>	<i>énclise</i>	<i>perístilo</i>
<i>anódino</i>	<i>endócrino</i>	<i>psoríase</i>
<i>auréola</i>	<i>fútbol</i>	<i>réptil</i>
<i>bérber</i>	<i>isóbara</i>	<i>réxime</i>
(* <i>bereber</i>)	<i>lígur</i>	<i>ricino</i>
<i>bronquíolo</i>	<i>mísil</i>	<i>rubéola</i>
<i>cóctel</i>	<i>óboe</i>	<i>téxtil</i>

2.3. Non levan til (a acentuación tamén é distinta da do castelán):

<i>acne</i>	<i>arquidiocese</i>	<i>neon</i>
<i>albumina</i>	<i>élite</i>	<i>omoplata</i>
<i>alumina</i>	<i>esexese</i>	<i>osmose</i>
<i>anemone</i>	<i>esexeta</i>	<i>parasito</i>
(* <i>anémona</i>)	<i>heroe</i>	<i>paxaro</i>
<i>atmosfera</i>	<i>hipermetrope</i>	<i>pelicano</i>
<i>chofer</i>	<i>ibero</i>	<i>quefir</i>
<i>ciclope</i>	<i>celtibero</i>	<i>reuma</i>
<i>conclave</i>	<i>medula</i>	
<i>diocese</i>	<i>meteoro</i>	

34. O GUIÓN

1. Só é de uso obrigado en tres casos:

1.1. Cando ao adverbio interrogativo *u* lle segue artigo: *U-las rosas? U-lo coche? U-la casa? U-la María? U-lo Xoán?*

Non cando segue pronome: *as rosas, ulas? O coche, ulo? A casa, ula? María, ula? Xoán, ulo?*

1.2. Con algunhas palabras compostas:

-cando o primeiro elemento é *non*: *non-intervención, non-adscrito, non-fumadores.*

-cando a composición é ocasional, non fixada: *diccionario galego-xaponés, circunstancias político-económicas...*

-en palabras complexas que indican puntos cardinais: *les-nordeste, sur-suroeste...*

-nalgunhas palabras estranxeiras: *foi-gras, strip-tease, wáter-polo*

- 1.3. Para partir unha palabra ao final de liña:
 -só pode dividirse mantendo íntegras as sílabas
 -non se poden separar os dous elementos dun dígrafo (*ch, ll, nh, rr*)
 -se xa hai guión, repítese ao comezo da liña: *dicionario galego/-xaponés*.
 -cando hai conciencia de prefixo, é preferible mantelo íntegro (sen ter en conta a sílaba): *trans-/oceánica, bis-/avó, des-/abrigar*.
2. Para outros usos posibles véxase en Gramática Artigo determinado 1.2.

35. A DIÉRESE

-Úsase con **u** cando esta se pronuncia nas sílabas *güe, güi*: *antigüidade, bilingüe, argüir, mingüen*; fronte a *guerra, galeguismo*.

-Úsase con **i** nas p4 e p5 do copretérito (imperfecto) de indicativo dos verbos en
 -*aer*: *caíamos, caíades*
 -*oer*: *roíamos, roíades*
 -*aír*: *saíamos, saíades*
 -*oír*: *oíamos, oíades*
 -*uír*: *destruíamos, destruíades*.

Na nosa fala resulta estraño, por facermos nós esdrúxulas estas formas (**caíamos, *oíades*...). De non usarmos diérese confundiríamolas coas formas do presente de subxuntivo: *caiamos, saíades*...

Repárenos na segmentación silábica: *ca-í-amos*, fronte a *ca-ia-mos*

36. O APÓSTROFO

Pode usarse nos seguintes casos:

1. Como uso non normativo, se queremos representar un feito de fala: *n'é preciso (non é preciso), x'o dixen (xa o dixen)*.
2. Logo das preposicións *en* e *de* para representar títulos de obras ou de publicacións que empecen por artigo:
a publicación d'A esmorga,
ese diálogo está n'Os vellos non deben de namorarse.
3. Malia non o contemplaren as *Normas*, actualmente moitos escritores estenden o seu uso aos topónimos que empezan por artigo: *reside n'A Coruña*.

37. OS SIGNOS DE INTERROGACIÓN E ADMIRACIÓN

1. Usámoslos de xeito obrigado ao final dos enunciados interrogativos ou exclamativos:

*Imos a San Francisco ou a Parameán? Canto dura esa película? Como estás?
Que fermosura de día! Canta xente hai! Quen o diría!*

2. Podemos usar os signos iniciais para evitar ambigüidades, como en enunciados moi longos que nos poidan impedir a entoación axeitada.

38. DÚBIDAS FRECUENTES

1. Muda o significado escribindo os elementos xuntos ou separados:

afeito, a feito:

afeito (verbo *afacer* ou *afeitar*): está *afeito* á calor; hoxe non me *afeito*.

a feito (locución adv.: “a oito”): botou as sementes *a feito*.

arredor, darredor, ao redor: Son equivalentes, como preposicións ou adverbios:

habería *arredor* (*darredor, ao redor*) de mil persoas,
a carreira é *arredor* (*darredor, ao redor*) do rueiro,
era unha peste todo *arredor* (*derredor, ao redor*)

con que, conque:

con que: prep. *con* + relativo *que*: “co cal”: é o sinal *con que* se avisa.

prep. *con* + interr. *que*: *con que* me avisan?

prep. *con* + conx. *que*: atopouse *con que* non o sabía facer.

conx. condicional: *con que* me avisen, abóndame.

Con que (conx. consecutiva: “polo tanto”): avisárono ben, *conque* non ten desculpa.

demais, de máis:

demais: (indefinido: “outro”, “o resto de”): levade o *demais*; as *demais* veciñas calaron.

de máis (locución adv.: “de sobra”, “en exceso”): teñen cartos *de máis*; falaron *de máis*.

porque, porqué, por que:

porque: conx. causal: “por causa de que”: non fun *porque* non me avisaron.

conx. final: “para que”: avisárono *porque* chegase a tempo.

conx. concesiva. “aínda que: *porque* me avises, non vou ir.

por que: prep. *por* + rel. *que*: o motivo *por que* non foi non se sabe.

prep. *por* + interr. *que*: *por que* non fuches? Dime *por que* non fuches.

(cómpre lembrar que o interrogativo non leva til)

porqué (substantivo: “causa, motivo, razón”): Ignoro o *porqué* de non ires; explícame os teus *porqués*.

senón, se non

senón: conxunción adversativa que indica unha contraposición:

-introduce unha rectificación: non foi, *senón* que vai ir.

-equivalente a “a menos que”: non sei por que non vas, *senón* que vaias mañá.

-*non* + verbo + *senón* = *non* + verbo + *máis ca*: non é *senón* un desgraciado.

-indica suma na secuencia *non só... senón tamén*: *non só* roubou a bici, *senón tamén* o coche.

se non: -conx. condicional *se* + adv. *non* nas oracións condicionais:

non vaias *se non* estás seguro ; *se non* queres, non chas levo.

-conx. completiva *se* + *non* en oracións completivas e interrogativas indirectas: pensei *se non* sería mellor ir; preguntou *se non* era mellor deixalo.

tampouco, tan pouco

tampouco (adv.): eu non vou e ti *tampouco*; *tampouco* me avisaron.

tan pouco (cuantificador *tan* + adv. *pouco*): vou *tan pouco* por alí que xa non me coñecen.

xunto a, xunta

Son preposicións equivalentes: “á beira de, preto de”: está *xunto ao* lume, está *xunta* o lume.

2. Outras vacilacións na segmentación e desviacións:

2.1. Indefinidos:

cadaquén. Non **cada quen*

cadaquén (indefinido: “cada un, cada persoa”): a *cadaquén* o que lle corresponda, *cadaquén* é dono do seu destino.

quenquera / quen queira

quenquera (indefinido: “calquera persoa”, equivalente a *quen queira que*):

quenquera que fose, é mala xente.

quen queira (relativo + verbo): *quen queira* sabelo que o pregunte.

entrambos / entre ambos

entrambos (indefinido: “ambos”): *entrambos* o sabían, fixérono entre *entrambos*.

entre ambos: *entre ambas*, a escola e a casa, vai a rúa; *entre ambos* o descubriron.

2.2. Numerais:

dezaseis / **dazaseis*

desasete / **dazasete*

dezaioito / **dazaoito*

dezanove / **dazanove*

vinte e un / **vinteún*

vinte e sete... / **vintesete*

corenta / **cuarenta*

oitenta / **ochenta*

douscentos / **dous centos*

cincocentos / **quinientos*

sétimo / **séptimo*

oitavo / **octavo*

dobre (duplo, -a) / **doble*

triplo -a / **triple*

metade / **m̥itade*
terzo –a / **tercio*
parella / **parexa*
ducia / **docena*

milleiro / **millar*
século / **siglo*
cuadrimestre / **cautrimestre*
corentena / **cuarentena*

2.3. Adverbios:

a cegas*: **ás cegas
a continuación*: **deseguido
a cotío*: **acotío
a escuras*: **ás escuras
afin*: **á fin
a mantenta*: **á mantenta
a modo*: **amodo
a penas*: **apenas
a, *de presa* / **a prisa*: **ás présas
a veces*: **ás veces
a reo*: **arreo
a toas*: **ás toas
ahora*: **agora
ahí*: **aí
casi*: **case
de contado*: **decontado
de cote*: **decote
de cotío*: **decotío
de seguida*: **deseguida
de vagar*: **devagar

de valde*: **de balde
demais*: **de máis
dispois*: **despois
donde* : **onde
eiquí*: **aquí
en frente*: **en fronte
en seguida*: **enseguida
hoxendía*: **hoxe en día
lexos*: **lonxe
mañán*: **mañá
mentras*: **mentres
millor*: **mellor
mismamente*: **mesmamente
pasadomañán*: **pasadomañá
pior*: **peor
sí*: **si
siquera*: **sequera
soio*: **só
somentes*: **soamente
talvez*: **talvez

2.4. Preposicións:

a parte de*: **á parte de
a pesares de*: **a pesar de, pese a, malia
a redor de*: **arredor de
acarón de*: **a carón de
antre*: **entre
arrente(s) de*: **a rente(s) de
asegún*: **segundo, conforme, consonte
cara*: **cara a
conforme a*: **conforme
consonte a*: **consonte

de entre*: **entre
frente a*: **fronte a
hacia*: **cara a, a, contra
hasta, *hastra*: **ata, até
perto de*: **preto de
para*: **para
según*: **segundo, conforme...
sin*: **sen
respeto a/de*: **respecto a/de

2.5. Conxuncións:

a penas*: **apenas
a pesares de que*: **a pesar de que
aque*: **aínda que, aínda cando
asegún*: **segundo, conforme, consonte
de contado que*: **decontado que
de seguida que*: **deseguida que
desque*: **des que
donde*: **onde
e máis*: **e mais
en seguida que*: **enseguida que
i*: **e
mentras que*: **mentres que
millor*: **mellor
mismamente*: **mesmamente
nen*: **nin
nembargantes*: **non obstante...
o mesmo que*: **o mesmo que
pior*: **peor
según*: **segundo, conforme, consonte
sen/sin embargo*: **non obstante...
si*: **se

2.6. Outras dúbidas:

a mais, a máis, a máis de:

a mais (conx. copulativa : “e mais”) : ela *a mais* (*e mais*) a veciña.

a máis (artigo/prep. + adv. *máis*): era *a máis* querida / a chuvia vai *a máis*.

a máis de (locución prepositiva): había outra xente, *a máis da* veciña.

á parte, a parte. Nunca **aparte*.

á parte (sexa locución adverbial ou prepositiva): deixámolo *á parte*; pon un punto e *á parte*; *á parte* do que dixeches, hai algo máis.

a parte: só na locución *de parte a parte*: percorrémolo *de parte a parte*.

abondo, dabondo. Nunca **de abondo*.

Equivalentes como adverbios: falei *abondo*, falei *dabondo*.

Como indefinido só *abondo*: teño tempo *abondo*, teño *abondas* ganas.

así mesmo/asemade. Non **asimesmo*. Son adverbios con significados distintos: *asemade* (adv. de tempo: “ao mesmo tempo, simultaneamente”):

apertárono *asemade* pai e irmán; aténdeno *asemade* os dous médicos.

así mesmo (adv. afirmación: “tamén, ademais”). Neste caso non pode usarse

asemade: hai que enviar un correo e *así mesmo* ir asinar á oficina;

así mesmo, cómpre asinar as outras follas.

case, case que: ten *case* corenta anos, ten *case que* corenta anos. Nunca **cáseque*.

cara a. Nunca **cara*; **hacia* é castelán.

En todas as acepcións: dirección, tendencia, inclinación, localización imprecisa temporal ou espacial:

vai *cara a* Louro; vai *cara ao* Freixo; vai *cara á* Coruña;

vai *cara á* praia; será *cara ao* verán.

desde que, des que. Nunca **desque*.

Desde que (*des que*) marchou, non soubemos nada dela.

en fronte. Nunca **enfrente* nin **en frente*.

Trátase de locución adverbial ou prepositiva: viven *en fronte*; viven *en fronte* do porto

en tanto, no entanto. Nunca **entanto*.

en tanto (conx. temporal): eles van, *en tanto* que elas quedan.

no entanto (conx. adversativa: “non obstante”): está ben, *no entanto*, podía estar mellor.

encol de / acerca de, verbo de, respecto a

encol de (locución prep.: “encima de”): a cometa está *encol do* tellado.

Non se pode empregar co significado das outras formas, que son sinónimas:

saben pouco *verbo das* (*acerca das*, *respecto ás*) novas enerxías.

mentres, namentres, entrementres: as tres son correctas. Non **mentras*...

non obstante (*pero, así e todo, con todo, ora ben*...) Nunca **sen embargo*, **nembargantes*, **non embargantes*

outrora, noutrora

outrora (“hai tempo, antes”, “noutro momento”): *outrora* tiña as tardes ocupadas.

noutrora (“en tempos pasados”): *noutrora* viviamos en castros.

polo menos, ao menos. Nunca **alomenos*.

Son locucións adverbiais equivalentes: “como mínimo”: eran *polo menos* corenta.